

Presentación do número

A educación ambiental, como disciplina e como ámbito de intervención educativa, precisa revisar a súa práctica e fomentar a investigación para seguir avanzando.

No presente número da revista recóllense algunhas aportacións neste sentido, de cara a manter certas prácticas que desde o ámbito académico e científico –desde a avaliación e a investigación– considéranse valiosas e oportunas, e de presentar outras máis anovadoras que permiten seguir abrindo novas vías de cara a enfrontarnos aos problemas ambientais desde a educación e a comunicación.

Distintos autores convidan, a través da súa reflexión e experiencia, a utilizar recursos pouco convencionais, como o humor gráfico (co poder da ironía e da simplicidade para retratar e denunciar algúns aspectos da nosa realidade) ou a escritura creativa (que fomenta a observación, a comunicación, a reflexión...).

Desde o punto de vista da investigación aplicada, destacamos dúas propostas: o mapeamento social participativo, como unha estratexia de intervención que fomenta a participación da comunidade na resolución de problemas ambientais e, a proposta de indicadores para a avaliación diagnóstica dos equipamentos para a educación ambiental, instrumento que permite ao tempo unha valoración interna polo equipo e unha desde fóra por parte de axentes externos.

A revista conta tamén con dúas aportacións teóricas, unha de corte máis académico, de revisión sobre a sustentabilidade urbana e, outra máis propositiva, de desenvolvemento endógeno a partir dos recursos naturais e culturais dun municipio.

Unha vez máis, estamos seguros que comunicar as reflexións, os traballos desenvolvidos, os retos comúns e individuais, os acertos e os erros, son unha forma de facer un patrimonio común no ámbito da educación ambiental, que permitirá a outros actores intervir con criterio na mellora do noso medio humano e natural.

Consello de Dirección



Tuiuiús na Transpantaneira (Cuiabá-Brasil)

© Araceli Serantes